



# O Cabeço

VOCEIRO DA ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA DORNA DE PORTONOVO


Nº V - ANO 2007

Enterro da  
Sardiña

Canadá 1980  
Portonovo 2006

A Bicoca

VIII Encontro  
Embarcacións  
Tradicionais  
FERROL 2007



...na súa primeira travesía

## EDITORIAL

O Cabeso leva a adormecer dende hai algún tempo por mor de que os membros das anteriores directivas tiveron que adicar o tempo de seu a outras tarefas propias da asociación. As embarcacións Platuxa, Jatiña, e agora tamén a Bicoca, convertíronse na nosa principal teima, o cal non xustifica que non saíran un ou dous dos nosos voceiros durante este tempo.

Os membros da actual xunta directiva queremos aproveitar a ocasión para disculparnos e comprometernos coa continuidade do voceiro da Asociación.

Aínda que o Cabeso estivera en “dique seco” o resto de actividades da Asociación si se mantiveron: en terra, a organización do Enterro da Sardiña, Cachada de San Xoán e a participación na Festa da Raia son referentes habituais. No mar, a parte de participar nos Encontros, Xuntanzxas e regatas habituais das Rías de Arousa e Pontevedra, tamén formamos parte de varias expedicións que representaron á FGCMF fora de Galiza. Na vila de L’Escala, en Girona, participamos nas VI Copa Catalunya de Vela Latina, con moi boas lembranzas, e mais adiante, na 1ª Festa de la Mar en Cadaqués, tamén en Girona. Na Francia asistimos á 1ª Concentración de Embarcacións que organizou a Asociación “Itsas Begias” en Sokoa (San Juan de Luz)

Agardamos seguir nesta liña, mais arelamos a participación de mais soci@s nestes eventos, porén tentaremos que este voceiro vaia por diante dos acontecementos e deste xeito recibamos a información con máis puntualidade

---

## NOVOS TEMPOS

Soplan novos ventos na Asociación, e coma en toda agrupación, deben aparecer caras novas, con novas ideas, novas maneiras... en fin, NOVOS VENTOS.

Coma tódolos anos no 28 de Decembro, a Asociación convoca a tódolos socios á Asamblea Xeral en forma de cea. Este ano, acompañando ao cocido habitual houbo “proceso electoral”, onde se elixiu unha nova directiva. As caras novas na directiva as aportaban Cheli e Anxo, acompañados por socios que foron membros de anteriores directivas e coñecedores do funcionamento da asociación.

A principal faceta desta directiva é, a parte de dirixir as numerosas actividades que organiza a asociación, difundir a pasión polas embarcacións tradicionais e as costumes e cultura mariñeira á xente, invitala a navegar connosco, disfrutar dos valores naturais que defendemos e aprender de esa maneira a respetar o entorno, as tradicións e costumes da cultura mariñeira.

Dende a Asociación de Amigos da Dorna de Portonovo queremos invitar a formar parte de nos a calqueira persoa interesada. As portas están abertas!!



Rúa Ramón Valenzuela, 6  
PORTONOVO

## FRANK, ELISA MAILLO OUAIS-OUAIS

Dende outubro do 2006 contamos entre nós, coa presenza de dous grandísimos mariñeiros que levan unha gran parte da súa vida percorrendo os mares do planeta. Saíron da súa casa sendo casi rapaces, e agora xa peinan canas. Son do Canadá: ela de Québec, na costa atlántica, e el de Vancouver, na costa do Pacífico. Elise e Frank.

Fan con osos gravados dos grandes veleiros que navegan polo mundo e os expoñen nos países que visitan. Eles mesmos vannos contar, dun modo abreviado, porque 26 anos no mar dan para contar moitísimas historias, a súa viaxe de toda unha vida arredor e a través do mundo.

Os dous falan castelán, pero Frank é máis reservado e Elisa máis faladora, por iso, é ela quen narra a súa historia.



*Elise e Frank coa súa colección de gravados*

**P. Sabemos que é moi difícil resumir en poucas liñas tódolos acontecementos que teredes vivido durante tantos anos no mar, pero estamos moi interesados en coñecer, aínda que sexa de forma resumida, a historia da vosa viaxe. ¿Cómo empezou todo este proxecto?**

**Elise:** Frank construyó el mismo su barco hace 30 años en Vancouver, y, desde entonces, hemos visitado 347 puertos de 47 países. Frank viajó mucho por Europa y Sudamérica en su juventud, allá por los años 50-60. Cuando termina su viaje por tierra decide empezar la construcción de un barco para seguir viajando, pero esta vez por mar, a través de los océanos del mundo. El barco, de 10 m., lo construye en cemento por un diseño de un barco noruego de 1924. La vela es tipo cangreja, y tanto el barco como los aparejos los construye el mismo, sin depender de nadie. Después de 7 años el barco fué al mar y durante 4 años Frank navega por la costa de Vancouver. Decide poner un anuncio buscando una tripulante que lo acompañe a México. Yo estaba viajando con una amiga por el oeste de Canadá, leo el anuncio y decido que navegar es una buena forma de viajar a México. Nos embarcamos con Frank y salimos de Vancouver hacia California encontrándonos con muchos temporales y mi amiga, cuando pisamos el primer puerto, dice “Nunca más” y desembarca. Yo le digo a Frank que no hay problema, que yo vuelvo con él a Canadá, pero decidimos viajar un poco más al sur antes de volver a casa. Cuando estábamos navegando decidimos ir hasta el Pacífico Sur y así empieza nuestro viaje.

Durante 6 años recorremos el Pacífico guiándonos sólo con viejas cartas marinas, sonda y el sextante de Frank. No llevamos a bordo ningún tipo de aparato electrónico. Llegamos al norte de Australia y de allí recorrimos el Océano Índico, Sur de Africa, Atlántico Sur, Brasil, Caribe, Nueva York y ponemos rumbo a Québec para hacerle al barco las reparaciones que necesitaba después de una travesía tan “larga”.

Durante este tiempo visitamos muchas islas casi vírgenes, sin puerto ni marina de ningún tipo. Nosotros pasábamos los arrecifes de coral guiándonos sólo con nuestra vista y fondeábamos en maravillosas playas. Bajábamos a tierra con nuestra pequeña barca. La poca gente que habita estas islas tiene un carácter muy amable con los visitantes y, dada nuestra condición de navegantes “pobres”, nos acogían en los poblados y aldeas con amabilidad, ayudándonos a conseguir todo aquello que necesitábamos para seguir nuestro viaje, como víveres, agua, gasoil... tenemos muy buenos amigos por todos estos lugares. *(Continúa na páxina seguinte)*

# BAR CHARCO

PORTONOVO



# CANADÁ 1980 - PORTONOVO 2006

(ven de páxina anterior) En Québec durante 7 años tenemos el barco en reparación. El barco tenía dos palos y decidimos cambiar a un solo palo. Tuvimos que hacer de nuevo todas las vela para el nuevo palo y cambiar dentro del barco todo lo necesario para adaptarlo a su nuevo aparejo.

Cuando todo está listo salimos de nuevo al mar con idea de ir al África Sur. Esto fue en el 98. Nosotros no teníamos idea de venir a Europa, pero salió una noticia de que en el 2000, todos los grandes veleros venían a Halifax, al este de Canadá, para el gran "Encuentro" del milenio. Pensamos en hablar con los organizadores para colaborar haciendo un trabajo sobre los grandes veleros que venían y dárselo como regalo a los capitanes que visitaban el puerto. Después de 6 meses de negociación y mostrar nuestro trabajo, nadie "da bola" y no nos hacen caso. Nosotros decidimos hacerlo finalmente de todas las maneras, especialmente cuando encontramos al capitán del puerto que era muy buen hombre. Quería ayudarnos, pero sólo pudo darnos los nombres de los grandes veleros que venían para poder gravarlos. Se portó muy bien con nosotros, ayudándonos con la compra de nuestros primeros carteles, y así, comenzó la colección.

Salimos de Halifax para recorrer el Atlántico Norte, Azores, Madeira, Canarias, Caribe y vuelta a Halifax. En este momento ya tenemos 80 grabados pero la gente del museo de la ciudad no nos da ningún tipo de facilidades para seguir con nuestra labor de colección. Esto nos cabrea y nos da más fuerza para seguir con ella adelante. Decidimos ir a Europa para mostrarla.

## P. Depois de tantos anos e millas percorridas, ¿ qué ventos vos trouxeron ata Galicia?

**Elise:** Al salir de Canadá fuimos Azores y luego pusimos rumbo hacia Brest, en Francia, ofreciendo nuestra colección a los distintos museos. La ofrecemos en los clubs y museos marítimos a cambio de la estancia gratuita para nuestro barco en los puertos que visitábamos, y así recorrimos todo el norte de Europa hasta el mar Báltico. En Holanda poníamos la exposición y a cambio nos dieron una carta para poder visitar a todos los museos de todo el país durante un año. Fue una experiencia muy buena, estar allí todo el invierno.

Salimos hacia Noruega buscando un gran velero de tres mástiles que queríamos ver para gravar. Cuando llegamos al puerto el gran velero no estaba. Oh! ¡Putra madre! ¡Mala suerte! Atracamos nuestro barco y fuimos a tierra. A la vuelta en lugar de ver el Ouais-Ouais vimos al gran velero de tres palos ocultando nuestro barco. Yo digo: Oh! ¡Disculpe capitán, nosotros no sabíamos que ocupábamos su lugar de atraque! El nos dice: no hay problema, podemos organizar un lugar aquí para vosotros.



Coincide que es el día de la fiesta de Noruega y el gran velero es abierto al público. Nosotros mostramos nuestra exposición en el velero y mucha gente pudo contemplarla. Durante una semana estuvimos allí y casi no paró de llover..... fué como en octubre en Galicia.

Más tarde estuvimos 3 semanas en Dinamarca y así durante 2 años recorrimos el norte de Europa. Un día, cuando navegábamos hacia Francia, "quebró una pulia" y un cabo me cortó mi dedo. ¡Uff! ¡Oh lala! Fue difícil la navegación así durante muchos días. ¡Me duele!



*O OUAIS-OUAIS pasando polo estreito de Gibraltar*


Pasamos el invierno en Dunkerke con muy buenos amigos. Teníamos algo de dinero de todos los carteles que vendimos en Alemania, Noruega... y fue un invierno muy agradable allí. Encontramos un viejo barco de un Padre que, desde hacía 30 años, llevaba a bordo a niños con todo tipo de problemas de drogas, robos... Fue muy bonito participar en esto aquél invierno.

Después de esto, navegamos a Douardenez en la Bretaña francesa, y allí, había una concentración de veleros de Europa. Nuestra exposición estaba en una carpa con navegantes del País Vasco y, al lado había una exposición de barcos tradicionales de Galicia, organizada por la Federación Galega pola Cultura Marítima, con un artesano cesteiro, grupo de música tradicional... Así conocimos a "los dorneiros" de la Galicia, ¡éramos vecinos en la exposición de Douardenez!. Esto fue en julio y Coqui nos contó que en agosto había varias concentraciones de embarcaciones tradicionales de Galicia, en Combarro, Bueu... Ella me dá su número de teléfono.

Cuando bajábamos hacia el Mediterráneo decidimos parar en Galicia y visitar a tan buenos amigos que encontramos en la Bretaña. Nuestra primera parada cuando llegamos fue en Bueu, dónde pasamos varios días, pero debido al mal tiempo que encontramos al salir de Francia, nos retrasamos y los Encuentros ya habían pasado, pero ¡Que suerte! para esa semana estaba programado el

desembarco de Ons, que todos los años organizan las asociaciones de dornas de Bueu y Portonovo, y allí nos fuimos con "Os Galos" de Bueu. En Ons nos encontramos con la gente de Portonovo, Cambados, Combarro... que ya conocíamos. Fue un alegre reencuentro. Después de pasar una semana fondeados en Portonovo, con mucha pena, partimos hacia Lisboa ya que teníamos un compromiso con la marina para exponer allí. Unos amigos de Portonovo vinieron a vernos y visitamos Lisboa juntos.

Partimos hacia el mediterráneo para visitar unos primos que Frank tiene en Italia. Fue muy difícil la entrada por el estrecho de Gibraltar. (Continúa na páxina seguinte)



*percorrido do OUAIS-OUAIS ao longo destes 26 anos*



# O Cabeso

(ven de páxina anterior)

**Frank:** La entrada por el estrecho es muy complicada, si hay viento del Este es muy fuerte con olas y todo... y si hay viento del Oeste es la misma cosa pero en otra dirección. Todo lleno de barcos mercantes. ¡Uh! ¡Muy complicado!

**Elise:** Mira esta fotografía del Ouais-Ouais entrando por el Estrecho. Nuestro amigo capitán del barco en Holanda pasó cerca de nosotros y nos tiró la foto. Vimos un barco que cada vez cambia de dirección y cada vez más cerca, más cerca y cuando pasan al lado, el capitán saca un megáfono y nos grita. ¡Eh! ¡Ouais-Ouais!, y nosotros leímos el nombre del barco y reconocimos a nuestro amigo Bart, el capitán holandés.

Recorrimos la costa española del Mediterráneo, Francia, Italia, Sicilia, y pasamos un invierno en Túnez para limpiar un poco nuestro barco, en un lugar dónde no fuera demasiado caro. Salimos del Mediterráneo pensando en cruzar el Atlántico, pero no podemos resistirnos a abandonar Europa sin visitar de nuevo Galicia y todos nuestros amigos y ¡aquí estamos!

A principios de octubre llegamos aquí, y el representante de la marina de Sanxenxo nos ayudó, con un atraque por un precio razonable. Desde aquí le damos las gracias. En este tiempo mostramos nuestra exposición en el Museo Massó de Bueu, Ateneo de Combarro, Club de Mar de Vilagarcía, Cambados, Café Baiuca en Portonovo y en el Grove. En Semana Santa tenemos proyectado exponer en el Real Club Náutico de Sanxenxo y en la Sala de Exposiciones que se encuentra en el Puerto hasta primeros de junio.

**P:** ¿E despois? ¿Levaredes anclas?

**Elise:** Bueno, la Federación Galega pola Cultura Marítima organiza en Ferrol, la primera semana de Julio, un Encontro de embarcaciones tradicionales y estamos invitados a participar mostrando nuestro trabajo a toda Galicia; luego veremos si tenemos que poner rumbo a Canarias o podemos quedar aquí con vosotros un poco tiempo más.

De todas maneras, nuestro próximo objetivo es ir a Argentina, Sudáfrica, Pacífico y vuelta a casa, a Canadá, para hacer un museo de nuestro barco y disfrutar un poco también de tierra firme.



*O OUAIS-OUAIS grabado en óso*

## O BARCO....

Nome: **OUAIS-OUAIS**  
Clase: **CUTTER de VELA CANGREXA**  
Porto Base: **VANCOUVER**  
Eslora: **9.85 m** Manga: **3.35 m** Puntal: **1,90 m**  
Deseño: **WILLIAM ATKIN en 1924**  
Construcción: **FRANK J. CATTON en 1976**  
Mat. do casco: **FERRO-CEMENTO**  
Peso: **10 GT**  
Motor: **HERCULES DIX2D DIESEL**

## A COLECCIÓN...

**135 GRAVADOS SOBRE ÓSO DE VACA QUE REPRESENTAN GRANDES VELEIROS QUE AINDA NAVEGAN POLAS AUGAS DE TODO O MUNDO.**



# O ENTERRO DA SARDINHA

Cando a directiva do Asociación de Amigos da Dorna deciden retomar a publicación do CABESO, distribuíronse os traballos de maneira que a min tocouse facer un artigo sobre o ENTERRO DA SARDINHA. Nun principio pareceume tarefa fácil, pero unha vez diante do folio en branco, decateime da dificultade da empresa na que embarquei. Falar de tradicións ten ese aquel, no que facer percorrido histórico conleva atopar unha longa serie de datos dos que sempre se perde algún no camiño, coa comprensible reprimenda de quen non os teñen esquecidos, ou doutro xeito, centraerse na actualidade da festa levaría a redactar un pouco do mesmo cada ano, deixando orfa de orixe a traxectoria do ENTERRO ata hoxe. Partindo desra primeira reflexión, optei pola alternativa de dar a miña



Botando unha ollada aos seus inicios, é mais ca destacable a dificultade coa que os pioneiros tiveron que loitar ante a clara persecución, que durante os anos do réxime franquista e primeiros pasos da transición, levouse a cabo contra calqueira manifestación de paganismo -o Enterro da Sardinha é unha xuntanza de persoas sen outro afán co disfrute en compañía de amigos, veciños, familia e quen quexiran apuntarse ao lúdico dunha festa, sin necesidades de adourar aos santos nin deuses, sen obrigas relixiosas de ningún tipo-. Esta orixe pagana é unha das características salientables dentro dunha sociedade moi influenciada polas relixiosidade, casi imposta naqueles tempos pasados e radicalizada nos actuais. Sen dúbida o carácter non eclesiástico do acompañamento e queima da Sardiña convírtese nun claro exercicio de liberdade dos participantes.

Por outra banda, a politización dos actos comunitarios estase a voltar mais que evidentes. Non hai romería sin político ao fronte, nin festa patronal na que non se manexen votos dunha ou outra maneira. É a comitiva en torno á Sardiña un perfecto espello no que a sociedade reflexa as súas inxerencias como conxunto de individuos escapando das loitas intestinais daqueles membros da comunidade que pretenden facer das libres expresións dos pobos un garante de poder dos gobernos, os partidos e os seus afiliados. O Enterro é, ante todo, xuntanza de veciños na busca da súa identidade, entendendo como parte fundamental da mesma a conservación e evolución das tradicións dos seus maiores e dos maiores que éstos.

Por último, ao mirar un pouco mais de cerca, cara ao interior desta celebración, pelada das influencias eclesiásticas e políticas, atópome cunha gran forza social na que por unha vez no ano as distintas asociacións de Portonovo, os rapaces xóvenes, os nenos, os gaiteiros, os pais, as nais, os festeiros, os calados, os faladores, os simpáticos e os tristes, e todo un pobo atópase nas rúas e fala, e ríe, e conta, e segue a sumar pra facer da nosa sociedade un lugar onde a xuntanza xeracional permita atopar as sendas a seguir pra unha mellor convivencia.

Dende aquí o mais sincero agradecemento a todos aqueles que fan posible que ano tras ano a nosa ben querida Sardinha volte libre ao mar que a viu nacer.

Estrada da Lanzada, 36  
Tif / Fax: 986 69 14 12  
Móbil: 619 53 40 56  
PORTONOVO



LONGA VIDA Á

# bicoca

“A Bicoca”, así se chama a nova embarcación da asociación. Non podía ser outro o nome. Foi o día 18 de Agosto do ano 2006, “Día do Can” en Portonovo, o día en que as táboas desta fermosa dorna polbeira mezclaron por primeira vez o cheiro da brea e alquitrán co salitre das augas da ría de Pontevedra. Xa conta con varias travesías e regatas, e agora mesmo está a recibir as tarefas de mantemento merecidas por todo barco pra comezar unha nova tempada de navegacións. Que saiba a xente que a Bicoca está a disposición dos socios e de xente que estea interesada na navegación tradicional a vela. LONGA VIDA Á BICOCA!!!!



*Bota abaixo da Bicoca no peirao de Portonovo*

## RUMBO AO VIII ENCONTRO



O vindeiro mes de Xullo está convocado o Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia, que vense cerebrando ininterrompidamente dende o ano 1993 cada dous anos, polo que ésta vai ser a oitava edición.

Para a ocasión elixiuse o porto de Ferrol, vila con gran tradición e importante historia mariñeira. Ata alí nos desprazaremos os Amigos da Dorna de Portonovo, puntuais ao evento máis importante do calendario deste ano -sempre sen restarlle importancia ás demais concentracións- e navegar nas augas da fermosa Ría de Ferrol e arredores cos compañeiros de outras asociacións de Galiza e do resto do mundo.

Se che interesan as embarcacións, música, cultura, gastronomía e costumes tradicionais, todos eles conxuntados nunha festa, debes acudir á cita, asegurámosche que repetirás dentro de dous anos en outro porto do litoral galego.



Amigos da Dorna  
de Portonovo



Rúa Ramón Valenzuela, 6  
36970 Portonovo  
amigosdadorna@hotmail.com